

**BASES PARA AXUDAS MUNICIPAIS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR E USO DO
SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NO CURSO 2026-2027, PARA ALUMNADO DE
EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA**

BASE I.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado, de educación infantil, primaria e secundaria, para o curso 2026/2027. Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade, establecendo un procedemento que tenta ser áxil, eficaz e breve no tempo.

As axudas van dirixidas aos menores de familias con dificultades socio-económicas e de conciliación da súa vida familiar e laboral.

A finalidade última é apoiar ás unidades familiares que, por recursos económicos insuficientes vense limitados para afrontar totalmente o custo do servizo.

BASE II.- ACTIVIDADES E PROGRAMAS SUBVENCIONABLES.

1. **Axudas para a adquisición de libros e material escolar** para o alumnado de Educación infantil (primeiro e segundo ciclo), primaria e secundaria. O concepto subvencionable será o material escolar, considerado este como aquel necesario para realizar as actividades que se desenvolvan ou se promovan no centro docente, como cadernos de soporte, material informático de apoio, material de papelería non reutilizable ou material de manualidades, licenzas informáticas das App e dos libros de texto usadas nos centros educativos e libros, excluindo expresamente o material escolar e os libros de texto que sexan subvencionados ou cedidos por outras administracións. Non serán subvencionables a roupa, calzado, uniformes, estoxos, mochilas, tupper e outros utensilios etc.
2. **Axudas para o servizo de comedor escolar** para o alumnado de educación infantil (2º ciclo) e educación primaria dos CEIPs PÚBLICOS do Concello de Mos, sempre e cando este non gocen de gratuidade.

BASE III: CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

1. Para as axudas de libros e material escolar, existe na partida orzamentaria 231.489.0007 crédito suficiente para 10.000 €, que será o importe máximo que se poderá outorgar por esta liña de axudas.

2. Para as axudas de comedor escolar o importe máximo existente na partida orzamentaria 223.489.0903 para os meses de setembro, outubro e novembro do ano 2026 será de 10.000€.



Para os meses de decembro ata a finalización do curso académico 2026/2027, o orzamento será de 20.000€, e imputarase a partida 321.489.0903 do orzamento do ano 2027, dependendo da consignación orzamentaria, e no caso de que esta sexa menor, limitarase á que se recolla nese orzamento.

En ningún caso, a suma das subvencións concedidas poderá superar a contía establecida nas partidas orzamentarias para cada unha das axudas.

BASE IV.- PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas interesadas nestas axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nas presentes bases as persoas que sexan pai, nai, titor/a ou persoa acolledora do alumnado matriculado no curso 2026/2027 nalgún dos niveis educativos obxecto de cada modalidade de axuda e que cumpran os requisitos establecidos nesta base.

- a) Axudas para libros e material escolar: poderán ser beneficiarias as unidades familiares que cumpran polo menos unha das seguintes condicións:

- Estar empadroadas no Concello de Mos, aínda que o alumnado estea escolarizado nun centro educativo doutro concello.

- Ter alumnado matriculado nun centro educativo do Concello de Mos, aínda que a unidade familiar estea empadroada noutro concello.

- b) Axudas para o servizo de comedor escolar: poderán ser beneficiarias exclusivamente as unidades familiares con alumnado matriculado en centros públicos de educación infantil (2.º ciclo) ou educación primaria do Concello de Mos que dispoñan de servizo de comedor escolar, sempre que o alumnado non goce de gratuidade do dito servizo. Para esta modalidade será requisito necesario que o alumnado estea escolarizado nun destes centros do Concello de Mos, con independencia do concello de empadramento da unidade familiar.

2. Non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias e non tributarias coa facenda local, e os seus organismos autónomos. No caso contrario deberán presentar solicitude de fraccionamento de débeda cuxo cumprimento será tido en conta para a concesión de futuras prestacións de igual natureza.

3. Cumprir co baremo económico recollido na base VI.



BASE V: PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES , PRAZO E DOCUMENTACIÓN

A publicación das presentes bases e convocatoria, así como a resolución das axudas realizarase na sede electrónica e páxina web do Concello de Mos e anunciaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións que publicará o texto completo e remitirá un extracto ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación

As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo facilitado polo Concello ou dispoñible na sede electrónica e na páxina web municipal, desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO ata o **16 de outubro de 2026**, e poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mos ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Con carácter excepcional nas axudas de comedor escolar, e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da convocatoria e resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderase abrir convocatoria extraordinaria, si existe crédito orzamentario e esta debidamente xustificada dita necesidade polo persoal técnico do Departamento de Política Social.

A resolución da convocatoria será obxecto da publicidade legalmente esixible na Base de Datos Nacional de Subvencións, na sede electrónica e na páxina web municipal. Na publicación dos actos do procedemento preservaranse os datos persoais das persoas menores de idade e observarase, en todo caso, a normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Non se admitirá ningunha solicitude presentada fóra de prazo.

A mera presentación da solicitude suporá que a persoa solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

Xunto coa solicitude e os anexos correspondentes, as persoas interesadas deberán de presentar os seguintes documentos:

- Copia do D.N.I. da persoa solicitante, da persoa cónxuxe, titores/as ou familias de acollida no seu caso.
- Fotocopia do libro de familia. En caso de separación ou divorcio entregárase tamén copia da sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.
- Certificado de convivencia da unidade familiar, excepto as unidades familiares empadroadas no Concello de Mos, que se comprobará de oficio.
- Declaración da renda do exercicio 2025 da persoa solicitante e da persoa cónxuxe ou persoa unida por análoga relación. No caso de non ter feito declaración da renda, presentarase, no momento da solicitude, certificado negativo emitido por Facenda,



xunto cos xustificantes de ingresos do ano 2025 dos organismos dos que perciba ingresos, Seguridade Social, INEM, Xunta...

- Vida laboral daquelas persoas que formen a unidade familiar e non fagan a declaración da renda

- Xustificante de matrícula no centro escolar do alumnado para o que se solicita a axuda.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, a nome da persoa solicitante ou da persoa menor beneficiaria, co detalle suficiente do material adquirido e, se é o caso, xustificante da ANPA ou do centro escolar do gasto realizado.

- Xustificante da empresa concesionaria ou da ANPA da solicitude do servizo de comedor, con indicación do número de días mensuais que acudirá cada menor.

- Declaración xurada de non ter débedas coa Facenda Pública (administración local, seguridade social e facenda)

- Certificado expedido pola Tesourería do Concello de Mos ou Concello de residencia, ou organismo dependente dos tributos municipais, de non ter débedas coa entidade municipal da persoa solicitante e da persoa cónxuxe, excepto as unidades familiares empadroadas no Concello de Mos, que se comprobará de oficio.

- Certificación do número de conta bancaria.

- Documentación, se é o caso, no momento de presentación da solicitude, que xustifique o empeoramento de máis dun 30% da situación económica durante o ano 2026, en relación ao que consta na declaración do IRPF 2025. Presentarase a declaración da renda do 2025 e os ingresos do período xaneiro-xuño de 2026.

BASE VI. CRITERIO DE VALORACIÓN

Os ingresos económicos que se computarán son os do ano 2025.

Nos casos de que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro semestre do ano 2026, no mesmo momento da solicitude.

Para a concesión da axuda terase en conta, o número de membros e a renda per cápita da familia, partindo do indicador público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM 2026= 8400 € anuais).



Segundo isto, a renda familiar para o cálculo dos ingresos que se computarán é o resultado de facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

- ***casiña 435 (base imponible xeral) + casiña 460 (base imponible de aforro) – casiña 595 (cota resultante da auto liquidación)***

Concederáselles a axuda ás unidades familiares que non superaran no ano 2025 os seguintes ingresos:

- Unidade familiar de dous membros: 16800€
- Unidade familiar de tres membros: 25200€
- Unidade familiar de catro membros: 33600€
- Unidade familiar de cinco ou máis membros: 42000€

Considérase unidade familiar, a formada polo pai, nai, titores ou persoas encargadas da garda e protección dos/as menores e fillos/as solteiros/as da persoa solicitante menores de 25 anos se estudan ou están desempregados, sen ter conta outras persoas que convivan no domicilio.
Computarase cunha persoa membro máis as familias numerosas, tanto as de carácter xeral como especial.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terán a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

No caso que o importe das axudas solicitadas sexa superior o crédito existente nas partidas orzamentarias, empregarase o seguinte criterio para a concesión das axudas:

- 1º.—Situación económica: menor renda per cápita
- 2º.—Número de fillos: maior número de fillos/as
- 3º.—Familia monoparental.

Se aplicados os criterios preferentes anteriores, existe empate, terase en conta a data de entrada de presentación no rexistro do Concello.

BASE VII: IMPORTE CONCEDIDO PARA CADA UNHA DAS AXUDAS:

1. **Axuda de libros e material escolar:** O importe das axudas non superarán en ningún caso o 100 % do gasto xustificativo nin o importe seguinte:
- 2.



- ☐ Educación Infantil (1º ciclo).....ata 40,00 €
- ☐ Educación Infantil (2º ciclo).....ata 80,00 €
- ☐ Educación Primaria.....ata 80,00 €
- ☐ Educación Secundaria.....ata 80,00 €.

2. Axudas para comedor escolar: O importe das axudas para cada neno/a será de 2€ menú/día, que será pagado á persoa solicitante despois da presentación das correspondente facturas da empresa concesionaria e xustificantes de pago, en **TRES** prazos:

1º.- -De setembro a novembro do 2026, presentando as facturas e os xustificantes bancarios ou xustificante de pago da empresa responsable do Catering entre os días 10 e 17 de decembro de 2026 (ambos incluídos).

As persoas solicitantes da axuda deberán presentar, para o período de setembro a novembro de 2026, aínda que a resolución definitiva de persoas beneficiarias non fose publicada, a documentación relativa deste primeiro período subvencionable nos prazos establecidos.

2º.- De decembro de 2026 a marzo do 2027, presentando as facturas e os xustificantes bancarios ou xustificante de pago da empresa responsable do Catering, entre o 12 e 19 de abril de 2027 (ambos incluídos)

3º. - De abril de 2027 a xuño do 2027, presentando as facturas e os xustificantes bancarios ou xustificante de pago da empresa responsable do Catering, entre o 09 e o 16 de xullo (ambos incluídos)

No ano 2027, o crédito dispoñible distribuirase da seguinte maneira: o 60% do crédito (12.000 €uros) para o período de decembro, xaneiro, febreiro e marzo, e 40% para os meses de abril, maio e xuño (8.000 €uros)

BASE VIII.- OBRIGAS

As persoas solicitantes das subvencións quedan obrigadas a:

- 1º.Cumprir coas estipulacións recollidas na Lei Xeral de Subvencións como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Mos (BOP nº 177 do luns 14 de setembro de 2009).
- 2º.Responder legalmente da veracidade dos datos expostos e da documentación presentada.

BASE IX.- PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento de concesión das axudas levarase a cabo polos Departamento de Educación e Política Social, ao que irán dirixidas as solicitudes para acollerse ás presentes subvencións.

Unha vez recibidas todas as solicitudes e rematado o prazo de presentación, comprobaranse os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirase ás persoas



interesadas para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos no prazo de dez días, de conformidade co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación de que, se así non o fixesen, se lles terá por desistidas da súa solicitude, logo da resolución que proceda.

As solicitudes serán desestimadas polos seguintes motivos:

- Presentar a solicitude fóra de prazo.
- Non entregar a documentación esixida polos servizos administrativos.
- Se teña constancia de que os datos presentados son falsos.

As solicitudes admitidas serán valoradas por unha Comisión de Valoración integrada pola concelleira de Política Social, a concelleira de Educación, a psicóloga e a educadora social, conforme os criterios establecidos nestas bases, e elevarase a correspondente proposta de concesión ao órgano competente.

Posteriormente, a proposta será remitida á Intervención Municipal para a fiscalización do expediente, de acordo coa normativa de control interno e facendas locais que resulte de aplicación.

A concesión das subvencións realizarase mediante resolución da Alcaldesa-Presidenta do Concello, de acordo coas presentes bases e convocatoria.

O prazo máximo para ditar resolución será de tres meses dende a finalización de presentación das solicitudes.

Aprobada a proposta, publicarase na sede electrónica e na páxina web do Concello a resolución recaída.

A resolución porá fin á vía administrativa. Contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, segundo corresponda, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na lexislación vixente.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.



BASE X.- FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS FINS DAS SUBVENCIÓNS

1. Axudas de libros e material escolar: os gastos xustificaranse mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, a nome da persoa solicitante ou da persoa menor para a que se solicita a axuda. O Concello de Mos poderá requirir cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente e realizar as comprobacións oportunas dos datos consignados nas solicitudes.

2. Axudas de comedor: os gastos xustificaranse mediante as correspondentes facturas e os xustificantes do seu pagamento á empresa ou entidade que preste o servizo, nos que figure o importe total do gasto realizado e, cando proceda, os días de asistencia do alumnado beneficiario por meses vencidos, ou mediante outros documentos admitidos en dereito que acrediten suficientemente o gasto e o seu pagamento.

O importe concedido a cada menor beneficiario será ingresado a nome da persoa solicitante na conta bancaria facilitada, na que a persoa solicitante deberá constar como titular.

Abriranse tres prazos para que as persoas beneficiarias solicitantes das subvencións xustifiquen os gastos:

-De **setembro a novembro do 2026**, presentando as facturas e os xustificantes bancarios ou xustificante de pago da empresa responsable do Catering entre os días **10 e 17 de decembro de 2026** (ambos incluídos).

As persoas solicitantes da axuda deberán presentar, para o período de setembro a novembro de 2026, aínda que a resolución definitiva de persoas beneficiarias non fose publicada, a documentación relativa deste primeiro período subvencionable nos prazos establecidos.

- De **decembro de 2026 a marzo do 2027**, presentando as facturas e os xustificantes bancarios ou xustificante de pago da empresa responsable do Catering, entre o **12 e 19 de abril de 2027** (ambos incluídos)

- De **abril de 2027 a xuño do 2027**, presentando as facturas e os xustificantes bancarios ou xustificante de pago da empresa responsable do Catering, entre o **09 e o 16 de xullo** (ambos incluídos)

Será responsabilidade da persoa solicitante presentar a documentación xustificativa nos prazos establecidos para cada un dos períodos, sen que a Administración estea obrigada a recordarlles o inicio e fin dos mesmos.

Se nos prazos establecidos non se presentan a factura correspondente e o xustificante do seu pagamento, non se aboará a axuda correspondente ao período non xustificado.



BASE XI.- COMPATIBILIDADE

Serán compatibles estas axudas con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes públicos privados, sempre que o importe global das subvencións outorgadas non sexa superior o 100% do gasto. As persoas beneficiarias deberán comunicar o Concello todas aquelas axudas solicitadas, as concedidas e o importe das mesmas.

BASE XII.- PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS PERCIBIDAS

No referente ás infraccións e sancións, en materia de subvencións serán de aplicación os artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

No caso de que con posterioridade ao pago dunha subvención se descubra que as persoas solicitantes non reúnen as condicións necesarias para acceder a elas, ou non xustificaran as cantidades xa percibidas en concepto de anticipo, estarán obrigadas a devolver as mesmas xunto cos xuros de demora, nos termos indicados no artigo 33 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que dean lugar.

BASE XIII. -PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados no procedemento serán tratados polo Concello de Mos para a xestión, tramitación, resolución, pagamento, xustificación e control destas axudas, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos que lles recoñece a normativa vixente a través dos medios habilitados polo Concello.

A presentación da solicitude comportará o tratamento dos datos estritamente necesarios para a tramitación da convocatoria nos termos previstos nas presentes bases e na normativa aplicable, sen prexuízo das consultas e comprobacións que procedan de acordo coa lexislación vixente.

DISPOSICIÓNS FINAIS

En todo aquilo non regulado expresamente nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos termos aplicables ás entidades locais; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Mos; e demais normativa que resulte de aplicación.

DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR que as presentes bases son as que constan no Expediente 3484/2026 AXUDAS MUNICIPAIS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR E USO DE COMEDOR, e corresponden ás aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Mos, na sesión celebrada o 25 de setembro de 2026. CSV 94T7X54FL2LG6QXCXCMN365YA

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



INFORMACIÓN

986 339 404 (Educación)

educacion@concellomos.es

PRAZO DE PRESENTACION SOLICITUDES

ATA 16 DE OUTUBRO DE 2026

SOLICITUDE**AXUDAS MUNICIPAIS CURSO 2026/2027**☐ LIBROS E MATERIAL ESCOLAR☐ USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

* no caso de solicitar ambas axudas só é necesario presentar unha solicitude coa documentación complementaria solicitada para cada unha das axudas.

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE:

NOME E APELIDOS:		D.N.I.
ENDEREZO:		
LOCALIDADE:	TELÉFONO:	
E-MAIL:		

DOCUMENTACIÓN QUE SE INCLÚE COA SOLICITUDE CONFORME Á BASE V

(Sinale a documentación que presenta)

- ☐ Copia do DNI da persoa solicitante e do cónxuxe, ou titores no seu caso.
- ☐ Fotocopia do libro de familia.
En caso de separación ou divorcio entregarase tamén copia da sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.
- ☐ Certificado de convivencia, agás as familias empadroadas en Mos, que se comprobará de oficio.



- ☐ Certificado expedido pola Tesourería do Concello ou ORAL de residencia de non ter débedas coa entidade municipal.
- ☐ Declaración da renda do exercicio 2025 da persoa solicitante e cónxuxe.
No caso de non tela feito, presentárase un certificado negativo emitido por facenda, así como os xustificantes de ingresos do ano 2025 dos organismos dos que perciba os ingresos: Seguridade Social, INEM, Xunta, etc.
- ☐ Vida laboral de todas as persoas que formen a unidade familiar e non fagan a declaración da renda.
- ☐ Xustificante de matrícula do/a alumno/a.
- ☐ **Material escolar:** Orixinal das facturas detalladas do material escolar, e no seu caso, xustificante da ANPA ou centro escolar do gasto realizado. *Non serán válidos tickets.*
- ☐ **Comedor escolar:** Certificado da ANPA conforme solicitou o servizo para este curso e o número de días solicitados
- ☐ Certificado bancario da persoa que solicita a axuda.
- ☐ Anexo II Declaración das persoas solicitantes de non ter débedas con ningunha das distintas administracións nin coa Seguridade Social.
- ☐ Anexo III Declaración das axudas solicitadas ou percibidas das outras administracións públicas.
- ☐ Documentación xustificativa do empeoramento da situación económica durante o primeiro semestre do ano 2026 en relación cos datos obrantes na Declaración da Renda do ano 2025.

Outros membros da unidade familiar:

(Indíquese os datos de todas as persoas que forman a unidade familiar)

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	IDADE	DNI



SINALE A/AS AXUDAS QUE PRECISE E COMPLETE OS DATOS DOS/DAS MENORES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS:

☐ **Para libros e material escolar :**

NOME E APELIDOS	IDADE	CURSO	COLEXIO

☐ **Uso do servizo de comedor escolar dos seguintes menores:**

NOME E APELIDOS	IDADE	CURSO	COLEXIO	Nº DIAS SEMANAIS



A persoa solicitante autorízalle á Concellaría de Política Social e á de Educación do Concello de Mos, a recadar os documentos que obren noutros servizos municipais, así como a información adicional que se considere necesaria para completar o expediente, para o que se dirixirá ós órganos públicos ou privados competentes.

Mos, de de 2026

Asdo.:

(De acordo co previsto na [Lei de LOPD do 15 de xuño 2018](#), informámolo de que os datos incluídos nesta solicitude serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade da entidade local, para a xestión de usuarios/as con acceso ós ficheiros con datos de carácter persoal, sen que estea prevista ningunha cesión destes datos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderanse realizar nos termos previstos na devandita lei

A/A: Alcaldesa do Concello de Mos



ANEXO II

DECLARACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE COAS OBRIGAS FISCAIS

D/D^a.con N.I.F como persoa solicitante, e

D/D^a.....con N.I.F.....como cónxuxe da persoa solicitante,
ou persoa unida por análoga relación

Informo con relación ao expediente de concesión de axudas municipais para libros e material escolar e uso do servizo de comedor no curso escolar 2026/2027, e co obxecto de cumprir cos requisitos esixidos polas bases da convocatoria, baixo a miña responsabilidade,

DECLARO:

- Non ter débedas de natureza tributaria co Estado nin coa Comunidade Autónoma no período executivo.
- Non ter débedas coa Administración Local.
- Estar ó corrente nas obrigas coa Seguridade Social.

Mos, dede 2026

Asdo.: solicitante:

Asdo.: cónxuxe.....



ANEXO III

DECLARACIÓN DE AXUDAS

D/D^a. con NIF, en relación ao expediente de concesión de axudas municipais para libros e material escolar e uso do servizo de comedor no curso escolar 2026/2027, e co obxecto de cumprir cos requisitos esixidos polas bases da convocatoria, baixo a miña responsabilidade,

manifesto que;

☐ non ☐ si , recibín ou solicitei para este curso escolar algunha outra axuda para a mesma finalidade, sen superar o importe global ó 100% do custo e comprométome a comunicar todas as axudas que perciba para o mesmo fin e aceptar as bases.

Mos, dede 2026

Asdo.:

